

Tyto alba (Scopoli, 1769)

	curuxa común, curuxa albar
	lechuza común, lechuza de campanario
	hontz zuria
	òliba, xuta, babeca, mifa, meuca, xibeca
	western barn owl
	coruja-das-torres, coruja-da-igreja



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Strigiformes	Tytonidae	<i>Tyto</i>



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	430-620 g
Lonxitude	32-40 cm
Envergadura	80-95 cm

ALIMENTACIÓN

Pequenos roedores, paxaros, grandes insectos, anfibios e réptiles.

COMPORTEMENTO

Son animais nocturnos, monógamos e solitarios. Manteñen territorios de caza pero non son moi territoriais. Na maior parte da súa distribución son sedentarios, pero nalgunhas zonas do norte migran distancias curtas cara o sur no inverno.

REPRODUCCIÓN

A época de celo abrangue entre marzo e outubro, inda que poden criar en calquera época do ano. Poñen 1-2 postas de 2-9 ovos, que son incubados pola femia 30-32 días mentres o macho a alimenta. As crías poden voar aos 50-55 días, inda que cohabitan cos pais ata os 3 meses. Acadan a madurez aos 10-12 meses.

HÁBITAT

Devesas, estepas, campos abertos, cultivos e zonas rurais.

DISTRIBUCIÓN

Europa agás por Islandia, Malta, Rusia, leste de Ucraína e Bielorrusia e boa parte de Fenoscandia. Toda África agás pola rexión sahariana.

CURIOSIDADES

Caza durante a noite grazas ao seu agudo sentido do oído. Normalmente aniñan en buratos, tanto de troncos de árbores como covas ou edificios.

A subespecie presente no campus é *Tyto alba alba* (Scopoli, 1769), propia do oeste e sur de Europa, do norte de África e das illas Canarias occidentais.